

Lei 1/1985, do 10 de xaneiro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1985

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 343, do 17.11.1984.

Emendas, BOPG núm. 349, do 12.12.1984. Corrección de erros: BOPG núm. 357, do 24.12.1984.

Debate de totalidade, DSPG núms. 96, do 18.12.1984, e 97, do 19.12.1984.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 360, 31.12.1984.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 363, do 7.1.1985.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 363, do 7.1.1985.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núms. 99, do 9.1.1985, e 100, do 10.1.1985.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 368, do 18.1.1985.

Diario Oficial de Galicia núms. 18, do 25.1.1985, e 20, do 29.1.1985.

Corrección de erros: DOG núm. 24, do 2.2.1985.

Boletín Oficial del Estado núm. 138, do 10.6.1985.

Lei 1/1985, do 10 de xaneiro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1985

O artigo 36.6 da Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, en relación co previsto na súa Disposición Transitoria cuarta, establece que, a partir do exercicio de 1987, o Proxecto de Lei dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma atenderá a unha clasificación por programas.

Este mandato legal supón a ruptura na tradición presupostaria, de tal maneira que o Presuposto puramente administrativo ten que dar paso a un Presuposto de Programas; a súa lóxica e as secuencias do proceso de elaboración son ben distintas.

Coa Lei 10/1984, do 13 de xullo, de asignación dos recursos fixados á Comunidade Autónoma polo Real Decreto-Lei 3/1984, iniciouse a reforma do proceso presupostario para pasar do sistema tradicional orgánico ou administrativo de definición de asignación de recursos cara a un sistema de presupostación orientado polos obxectivos do sector público e coordinados coas directrices da planificación a medio prazo.

Este Proxecto de Lei segue a liña emprendida afondando, por unha banda, na lóxica de presu-

postación baseada en obxectivos e programas vinculantes de tal forma que o Presuposto permita unha maior participación dos axentes xestores en sistemas racionais e coordinados de discusión do contido dos programas, e modificando, por outra banda, a estrutura económica dos créditos presupostarios co fin de a adaptar ó Plan Xeral de Contabilidade Pública.

Todo iso facilitará, ademais, a coordinación das políticas presupostarias da Comunidade Autónoma e mais do Estado.

Os obxectos e programas que se contemplan no Proxecto de Presuposto da Comunidade Autónoma para 1985 inclúense no documento de traballo sobre o Plan Económico de Galicia que, en data inmediata, se poñerá en coñecemento dos estamentos económicos e sociais do noso país para que se poida debater nunha mesa institucional que cumpra o papel do futuro Consello Económico e Social de Galicia.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro,

reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1985.

Título I

Dos créditos e as súas modificacións

Capítulo I

Créditos iniciais e financiación dos mesmos

Artigo 1. Dos créditos iniciais.

1. Apróbanse os Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 1985 integrados por:

a) O Presuposto da Comunidade Autónoma.

b) O Presuposto da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e mailos das Sociedades para a xestión dos Servicios Públicos da Radiodifusión e Televisión.

c) Os Presupostos das empresas públicas galegas.

2. No Estado de gastos do Presuposto da Comunidade Autónoma concédense créditos por un importe total de 126.790.483.000 pesetas.

O Presuposto de Gastos da Comunidade Autónoma financiarase:

a) Polos dereitos económicos que se liquidarán durante o exercicio, que se detallan no Estado de ingresos, estimados nun importe total de 121.290.483.000 pesetas.

b) Co importe das operacións de endebedamento que se expresan no artigo 17 desta Lei.

3. No Presuposto da Compañía de Radio-Televisión de Galicia concédense as dotacións precisas para atender ó desenvolvemento das súas actividades, por un importe total de 146.700.000 pesetas, que se financiará mediante transferencia do Presuposto da Comunidade Autónoma polo citado importe.

Os Presupostos das Sociedades para a xestión dos Servicios Públicos de Radiodifusión e Televisión ós que se refire a Lei 9/1984, do 11 de xullo, apróbanse co seguinte detalle:

A) A Sociedade xestora do servizo público de radiodifusión: 245.000.000 de pesetas, que se financiarán mediante transferencia do Presuposto da Comunidade Autónoma polo citado importe.

B) A Sociedade xestora do servizo público de Televisión: 865.000.000 de pesetas, que se financiarán:

a) Cos dereitos económicos que se van liquidar estimados en 79.570.000 pesetas.

b) Mediante transferencia do Presuposto da Comunidade Autó-

noma por importe de 785.430.000 pesetas.

4. Nos Presupostos das empresas públicas galegas inclúense as estimacións e previsións de gastos e ingresos referidos ós mesmos e ós seus estados financeiros, en atención á peculiaridade da súa actividade específica.

Artigo 2. Vinculación dos créditos.

1. Os créditos incluídos nos estados de gastos dos Presupostos da Comunidade Autónoma financiarán os programas de gasto que se inclúen nos referidos estados, para conseguí-los obxectivos dos mesmos.

2. Estes créditos, imputables ós respectivos programas de gasto, teñen carácter limitativo e vinculante con suxección á triple clasificación ou ordenación dos mesmos, orgánica, económica por conceptos, e por programas. Excepcionalmente, nos créditos incluídos no Capítulo II da clasificación económica do gasto, terán carácter vinculante os artigos en vez dos conceptos.

Capítulo II

Normas de modificación de créditos presupostarios

Artigo 3. Principios xerais.

1. As modificacións dos créditos iniciais do Presupuesto axustaranse ó disposto nos artigos seguintes e,

no non previsto, ó que estableza a Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia.

2. Calquera acordo de modificación presupostaria deberá indicar expresamente o programa, o servizo e mailo concepto afectado pola mesma.

A respectiva proposta de modificación deberá expresa-la incidencia na consecución dos respectivos obxectivos de gasto e as razóns que a xustifican.

Artigo 4. Transferencias de créditos.

1. As transferencias de créditos de calquera tipo estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

a) Non poderán afectar a créditos ampliáveis nin ós extraordinarios concedidos durante o exercicio.

b) Non minorarán créditos que fosen incrementados con suplementos ou transferencias.

c) Non incrementarán créditos que como consecuencia doutras transferencias fosen obxecto de minoración.

2. O establecido no número anterior enténdese sen prexuício do que dispón o artigo 43 da Lei 3/1984, do 3 de abril, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, en relación cos novos trasposos de medios persoais e materiais da Administración Central á Autónoma de Galicia.

Artigo 5. Competencias das Consellerías e dos Altos Órganos Estatutarios da Comunidade.

1. Os titulares das Consellerías poderán autorizar, previo informe da Intervención Delegada correspondente, as seguintes transferencias:

- a) Entre créditos do Capítulo I.
- b) Entre créditos do Capítulo II.
- c) Entre créditos do Capítulo VI.

As devanditas transferencias só poderán autorizarse, coas limitacións sinaladas no artigo anterior, nos supostos seguintes:

a) Entre créditos dun mesmo programa e servicio.

b) Entre créditos dun mesmo programa e correspondentes a varios servicios da Consellería.

c) Entre créditos de varios programas correspondentes a un ou varios servicios da Consellería, sempre que tales programas estean incluídos na mesma función, e a transferencia non afecte a créditos do Capítulo VI, non sendo que, neste último suposto, se trate de programas do mesmo servicio.

2. O informe da Intervención Delegada versará sobre o cumprimento do disposto no artigo anterior e sobre a existencia de remanente de crédito abondo.

3. En caso de discrepancia do informe da Intervención Delegada coa proposta de transferencias

de crédito, remitirase o expediente á Consellería de Economía e Facenda a efectos da resolución procedente polo titular desta Consellería.

4. En todo caso, unha vez acordadas pola Consellería respectiva as modificacións presupostarias incluídas no número anterior remitiráselle á Consellería de Economía e Facenda para instrumentala súa execución.

5. Os Presidentes dos Consellos da Cultura Galega e de Contas terán as mesmas competencias establecidas no número 1 deste artigo en relación coa modificación presupostaria do Presuposto de Gasto respectivo.

Artigo 6. Competencias da Consellería de Economía e Facenda.

Correspóndelle á Consellería de Economía e Facenda:

1.— Transferencias de créditos:

a) Resolve-los expedientes de transferencias de créditos nos supostos previstos no artigo anterior, cando discrepe a Consellería respectiva co informe da Intervención Delegada.

b) Coas mesmas limitacións establecidas no segundo párrafo do número 1 do artigo anterior, autorizar transferencias de créditos presupostarios incluídos nos capítulos non especificados no devandito artigo.

c) Autorizar transferencias de créditos presupostarios cando

afecten a Servicios dunha mesma Consellería, dentro do mesmo ou distintos programas incluídos na mesma función.

d) Autorizar transferencias de créditos dentro dun mesmo programa ou entre programas que, incluídos na mesma función, correspondan a varias Consellerías.

2.— Incorporación de créditos:

Autoriza-las incorporacións de créditos procedentes de transferencias dos Presupostos Xerais do Estado en concepto de subvencións non integrantes do custo efectivo dos servicios traspasados. Os créditos así incorporados deberán aplicarse ás finalidades para as que foron acordados.

3.— Xeración do crédito:

Autoriza-la xeración de créditos derivados de ingresos procedentes de transferencias que o Estado realice para a Comunidade Autónoma tanto para a financiación dos servicios coma para inversións reais que realizará a Xunta. Os créditos así xerados deberán aplicarse ás finalidades para as que foron acordados.

4.— Ampliación de créditos:

Autorizar, ata unha suma igual ás obrigacións de recoñecemento preceptivo, a ampliación dos créditos que, incluídos nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, se detallan a seguir:

Aplicable a tódalas seccións e programas:

Os destinados a satisfacer:

a) As cuotas da Seguridade Social e o complemento familiar (axuda ou indemnización familiar), de acordo cos preceptos en vigor, o subsidio familiar do persoal adscrito ós servicios da Comunidade Autónoma con dereito ó seu percibo, así como a aportación que, no seu caso, poida corresponder da Comunidade Autónoma ó réxime de previsión social dos seus funcionarios.

b) Os trienios derivados do cómputo do tempo de servicios realmente prestados á Administración.

c) Os créditos destinados ó pagamento do persoal laboral, en canto precisen ser incrementados como consecuencia de elevacións salariais dispostas durante o exercicio ou en exercicios anteriores por modificación do salario mínimo interprofesional ou veñan impostos por regulación estatal ou por decisión firme xurisdiccional.

d) As prestacións regulamentarias e obrigatorias do réxime de previsión dos funcionarios públicos.

e) Os créditos destinados a satisfacer obrigacións derivadas da Débeda Pública, emitida pola Comunidade Autónoma, tanto por intereses e amortizacións de principal coma por gastos derivados das operacións de conversión e troca da mesma, agás os de persoal.

f) Os destinados a satisfacer o pagamento de subvencións non integrantes do custo efectivo dos

servicios traspasados á Comunidade Autónoma, no importe que exceda da contía inicial prevista, como consecuencia de transferencias de fondos efectuados con cargo ós Presupostos Xerais do Estado.

Artigo 7. Competencias do Consello da Xunta.

Corresponde ó Consello da Xunta, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, a iniciativa da Consellería ou Consellerías afectadas, autoriza-la transferencia de créditos entre programas dunha mesma ou distintas Consellerías, incluídos en distintas funcións.

Artigo 8. Outras modificacións presupostarias.

1. Con independencia das modificacións presupostarias ás que se refiren os artigos anteriores, a Consellería de Economía e Facenda poderá autorizar transferencias de crédito desde o programa de imprevistos ós conceptos e artigos respectivos dos demais programas de gasto con suxección ós seguintes requisitos:

a) A Consellería ou Alto Órgano Estatutario que solicite a transferencia deberá xustifica-la imposibilidade de atende-las insuficiencias a través das modificacións presupostarias que se autorizarán en virtude do previsto nos artigos anteriores desta Lei.

b) A transferencia deberá ser solicitada a través dun exame conxunto ou previsión das necesidades do correspondente programa de gasto, indicando no seu caso as des-

viacións que a execución do Presuposto poida revelar na consecución dos correspondentes obxectivos.

2. Excepcionalmente a Consellería de Economía e Facenda poderá autoriza-la habilitación de créditos, mediante a creación dos conceptos pertinentes para supostos en que, na execución do Presuposto, se plantexen necesidades non contempladas de xeito directo no mesmo.

Neste suposto e con cargo ó programa de imprevistos, poderanse efectua-las oportunas transferencias ó Presuposto respectivo mediante a creación no mesmo dos pertinentes conceptos presupostarios.

Título II

Dos gastos do persoal

Capítulo I

Retribucións de persoal

Artigo 9. Aumento de retribucións do persoal ó servizo da Comunidade Autónoma.

1. Con efectos do 1 de xaneiro de 1985, o incremento conxunto das retribucións íntegras do persoal ó servizo da Comunidade Autónoma, non sometido á lexislación laboral, aplicadas nas contías e conforme ós réximes retributivos vigentes en 1984, será do 6,5 por 100.

2. O disposto no número anterior é aplicable ó persoal, non laboral, ó servizo de:

a) Os altos órganos Estatutarios de Galicia, sen prexuício do disposto no artigo 12.2 do Estatuto de Galicia para o Parlamento.

b) A Administración da Comunidade Autónoma.

c) O restante persoal, ó que resulte de aplicación o réxime estatutario dos funcionarios públicos.

3. Así mesmo, e con efectos do 1 de xaneiro de 1985, a masa salarial do persoal laboral ó servizo das Institucións da Comunidade Autónoma non poderá experimentar un incremento global superior ó 6,5 por 100, comprendendo na devandita porcentaxe o de tódolos conceptos, mesmo o que se poida producir por antigüidade e reclasificacións profesionais e sen prexuício do resultado individual da distribución do devandito incremento global.

Entenderase por masa salarial ós efectos desta Lei, o conxunto de retribucións salariais e extrasalarais e gastos de acción social que o persoal laboral afectado teña dereito a percibir no exercicio presupostario de 1984, exceptuándose, en todo caso:

a) As prestacións ou indemnizacións da Seguridade Social.

b) As cotizacións ó sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.

c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despidos.

d) As indemnizacións ou supridos por gastos que tivese que realiza-lo traballador.

Os incrementos da masa salarial bruta calcularanse en termos de homoxeneidade respecto dos dous períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos reais de persoal laboral coma ó réxime privativo de traballo, xornada legal ou contractual, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, computándose, en consecuencia, por separado, as cantidades que correspondan á variación de tales conceptos. Con cargo á masa salarial así obtida para 1985 deberase satisfacer a totalidade das retribucións do persoal laboral derivadas do correspondente pacto e as que se teñan dereito a percibir ó longo do ano 1985.

As indemnizacións ou supridos deste persoal non poderán experimentar crecementos superiores ós que se establezan con carácter xeral para o persoal non laboral da Administración Central do Estado.

Artigo 10. Retribucións dos funcionarios interinos e contratados administrativos.

1. As retribucións dos funcionarios interinos e contratados administrativos experimentarán un incremento retributivo do 6,5 por 100 con respecto ás recoñecidas no ano 1984.

2. Os funcionarios interinos que se nomeen en 1985 percibirán o 80

por 100 das retribucións básicas, excluídos trienios correspondentes ó grupo no que se inclúe o Corpo en que ocupen vacante e o 100 por 100 das retribucións complementarias que correspondan ó posto de traballo que desempeñen.

3. O complemento de produtividade ó que fai referencia a Lei de Presupostos Xerais do Estado poderase aplicar, no seu caso, ós funcionarios interinos e contratados administrativos.

Artigo 11. Requisito para a sinatura de Convenios Colectivos que afecten ó persoal laboral.

1. Ós efectos previstos no artigo 9.3 desta Lei, para poder pactar novos Convenios Colectivos, negociar ou aplicar revisións salariais, adhesións ou acorda-la extensión, en todo ou en parte, a outros Convenios xa existentes do sector público, así como para poder aplicar convenios colectivos de ámbito sectorial ou revisións salariais dos mesmos, e para outorgar melloras retributivas unilaterais con carácter individual ou colectivo, será necesario o informe favorable previo da Consellería de Economía e Facenda en canto afecten ó persoal non funcionario de:

a) A Administración da Comunidade Autónoma.

b) Os Consellos de Cultura Galega e de Contas.

c) A Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as súas Sociedades xestoras.

2. A este fin, a Consellería ou Ente correspondente remitirá, con carácter previo á sinatura das partes negociadoras, o proxecto de pacto ou mellora respectiva, ó que se deberá acompañar:

a) Certificación das retribucións satisfeitas durante 1984, que se van facer efectivas con cargo a 1984, ó persoal afectado.

b) Homoxeneizacións practicadas como consecuencia do disposto nesta Lei.

c) Determinarase a masa salarial para 1985, conforme á valoración de tódolos aspectos económicos derivados do proxecto. A súa contía non poderá exceder da autorizada previamente pola Consellería de Economía e Facenda con anterioridade ó inicio das negociacións.

3. O informe será emitido no prazo máximo de 15 días que se contará desde a data de recepción do proxecto de pacto, e versará sobre todos aqueles extremos dos que se deriven consecuencias directas ou indirectas en materia de gasto público, tanto para o ano 1985 coma para exercicios futuros e especialmente no que respecta á determinación da masa salarial correspondente e ó control do seu crecemento.

Transcorrido o referido prazo e 15 días máis sen que o antedito informe fose emitido, este considerárase favorable ó proxecto de pacto.

4. Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de infor-

me, sen que se poidan pactar crecementos salariais para exercicios futuros que impliquen modificacións contrarias ás que determinen as futuras Leis de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

Artigo 12. Prohibición de ingresos atípicos.

Os empregados públicos comprendidos dentro do ámbito de aplicación da presente Lei, non sendo os sometidos ó réxime de arancel, non poderán percibir ningunha participación nos tributos, comisións ou outros ingresos de calquera natureza que a Administración Autónoma ou calquera poder público estatutario teña dereito a percibir como contraprestación de calquera servicio ou xurisdicción.

Artigo 13. Modificación de plantillas.

Durante o exercicio de 1985 non se tramitarán expedientes de ampliación de plantilla de persoal, salvo os que se orixinen como consecuencia de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma.

Artigo 14. Contratación de persoal laboral con cargo ós créditos de inversión.

1. Con cargo ós respectivos créditos para inversión, só poderán formalizarse contratacións de persoal en réxime laboral con carácter temporal cando as Consellerías precisen contratar persoal para a realización por administración directa e por aplicación da lexislación de contratos do Estado, obras

ou servicios correspondentes a algunha das mencións incluídas nos seus presupostos.

2. Esta contratación precisará o informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, logo da acreditación da necesidade da mesma por carecer de suficiente persoal fixo ou de crédito suficiente no concepto presupostario destinado á contratación de persoal eventual no Capítulo correspondente.

3. Os contratos deberán formalizarse seguindo as prescricións da lexislación vixente e neles farase constar a obra ou servicio para a realización dos cales se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre contratos laborais eventuais ou temporais.

Os incumprimentos destas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das que se determinen nos contratos, dos que se puidesen derivar dereitos de fixeza para o persoal contratado poderán ser obxecto de dedución de responsabilidade, de conformidade co artigo 95 da Lei 3/1984, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia.

Artigo 15. Normas especiais.

1. Nos casos especiais de adscrición dun funcionario suxeito a un réxime retributivo distinto do correspondente ó posto de traballo ó que se lle adscribe, aquel percibirá, nese caso, as retribucións bá-

sicas e as complementarias correspondentes ó posto de traballo que desempeñe.

2. As diferentes retribucións que conforme ó disposto nos artigos anteriores corresponda percibir ó persoal ó servizo das Institucións da Comunidade Autónoma, faranse efectivas por un só habilitado con cargo ós créditos do programa respectivo.

3. As indemnizacións por razón do servizo incrementaranse nun 6,5 por 100 respecto ás contías vixentes no 31 de decembro de 1984.

4. Cando, con suxección á normativa vixente, o funcionario realice unha xornada inferior á normal, reduciranse as súas retribucións na proporción correspondente, na forma prevista na devandita normativa.

Título III

Das operacións financeiras

Capítulo I

Avais

Artigo 16. Avais.

Durante 1985 a Xunta poderá conceder avais de acordo co establecido nos artigos 73 e seguintes da Lei 3/1984, do 3 de abril, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, coas seguintes especificacións:

1.— Primeiro Aval:

a) O importe dos avais que poida presta-la Comunidade Autó-

noma ós créditos concertados polas Corporacións Locais e ás empresas participadas por SODIGA non poderá exceder de 500 millóns de pesetas.

b) Ademais dos avais recollidos no apartado anterior, a Comunidade Autónoma poderá conceder nas condicións que regulamentariamente se establezan un primeiro aval ós créditos concertados polas empresas e as operacións que se especifican:

1.— Ás empresas privadas do Sector Naval domiciliadas en Galicia, ata un importe máximo de 1.200 millóns de pesetas mentres non sexa tecnicamente posible a constitución de hipoteca naval dos buques en construción.

2.— Ás empresas privadas domiciliadas en Galicia dos sectores naval, textil, confección, bens de equipo, pel, agroalimentación, derivados da pesca e de transformación da madeira, polos contratos de subministro con empresas públicas ou privadas ata un importe máximo de 1.200 millóns de pesetas.

3.— As empresas que se acolle sen ós beneficios establecidos pola Comunidade Autónoma para a creación e mantemento de empresas sempre que os créditos teñan como finalidade a financiación de inversións ou operacións de reindustrialización e reestructuración, ata un importe máximo de 2.200 millóns de pesetas.

4.— A contía máxima para avalar operacións de exportacións das

empresas galegas non excederá de 1.000 millóns de pesetas.

c) Cada aval individualizado que se conceda ó amparo do disposto nos apartados anteriores non poderá exceder do 10 por 100 da cantidade global que para cada caso se establece nos mesmos, excepto os que se concedan ó amparo do apartado 1.b).3.

2.— Segundo Aval:

a) As empresas avaladas polas Sociedades de Garantía Recíproca ata un importe máximo de 1.000 millóns de pesetas.

b) As empresas privadas a que se refire o número 1 deste artigo, ata un importe máximo de 1.500 millóns de pesetas.

c) Cada aval individualizado que se conceda ó amparo do disposto neste número non poderá exceder do 5 por 100 da cantidade global que para cada caso se establece.

Capítulo II

Débeda Pública

Artigo 17. Límite e clase da autorización.

1. Autorízase á Xunta para que, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda:

a) Emita ou contraia Débeda Pública por un importe máximo de 5.500 millóns de pesetas.

b) Determine, en e para cada emisión de Débeda Pública, calquera que sexa o seu prazo de

amortización, se os títulos representativos gozan de vantaxes inherentes ós títulos de cotización calificada, ó efecto de seren aptos para dar dereito a beneficios fiscais.

2. Autorízase ó Conselleiro de Economía e Facenda para que:

a) Sinala o tipo de interés, condicións, beneficios fiscais legalmente establecidos e demais características das operacións de endebedamento sinaladas no número anterior e formalice, no seu caso, en representación da Comunidade Autónoma, tales operacións.

b) Concerte operacións de intercambio financeiro relativas a operacións de crédito, existentes con anterioridade, para obter un menor custo ou unha mellor distribución da carga financeira ou previlos posibles efectos negativos derivados das fluctuacións nas condicións de mercado.

3. A Xunta dará conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento de tódalas operacións que se realicen ó amparo das autorizacións concedidas no presente artigo.

Título IV

Normas tributarias

Capítulo único

Artigo 18. Precios públicos.

1. A Xunta fixará, antes do 1 de marzo de 1985, os precios públicos que serán esixibles pola Administración Autonómica.

2. Terán a consideración de prezos públicos contraprestacións percibidas pola Comunidade Autónoma como consecuencia da venda de bens ou prestacións de servizos demandados voluntariamente polos administrados. A estes efectos, enténdese que a demanda é voluntaria cando non exista obriga legal ningunha para consumir ou utilizar por parte dos administrados os bens ou servizos demandados ou cando, existindo tal obriga, houbese oferta privada concorrente.

Artigo 19. Taxas.

1. Mentres non se promulgue a Lei reguladora de prezos públicos e taxas de Galicia, elévanse os tipos de contía fixa das taxas de prestacións de servizos e por realización de actividades a que se refire o artigo 7.2 da LOFCA ata a cantidade que resulte da aplicación do coeficiente 1,20 ás contías actualmente esixibles. A este efecto, consideraranse taxas de contía fixa aquelas nas que a cuota tributaria non estea fixada nunha porcentaxe da base ou esta non se valore en unidades monetarias.

2. As Consellerías que xestionen as taxas afectadas polo disposto no presente artigo procederán a sinala-las novas contías resultantes da aplicación desta Lei, debendo remitir á Consellería de Economía e Facenda unha memoria, na que se especifiquen aquelas, o proceso de cálculo realizado e a recadación prevista no exercicio.

O Conselleiro de Economía e Facenda elevará proposta ó Consello da Xunta para que, antes do 31 de xaneiro, fixe as tarifas esixibles con efectos do 1 de xaneiro de 1985.

3. Das actuacións antes indicadas, darase conta puntual á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento.

Título V

Dos procedementos de xestión presupostaria

Artigo 20. Contratación directa de inversións.

1. O Consello da Xunta, a proposta das Consellerías interesadas, poderá autoriza-la contratación directa de:

a) Tódolos proxectos de obras que se inicien durante o exercicio de 1985 con cargo ós presupostos da Consellería respectiva, calquera que sexa a orixe dos fondos e cando o presuposto pase de 25.000.000 de pesetas e non supere os 50.000.000 de pesetas.

b) Os subministros que excedan de 3.000.000 de pesetas e non superen os 10.000.000 de pesetas.

2. Nos casos previstos no número anterior, publicaranse previamente no *Diario Oficial de Galicia* e nos xornais de gran difusión na provincia na que se vaia executa-la obra ou efectua-lo subministro, as condicións técnicas e economí-

cas da respectiva obra ou subministro.

3. Trimestralmente, a Xunta enviará á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento unha relación dos expedientes tramitados en uso da autorización citada, con indicación expresa do destino, importe e adxudicatario.

Artigo 21. Contía mínima de aprobación de gastos de inversión.

1. A realización de gastos de inversión de calquera natureza, en contía superior a 500 millóns de pesetas, requirirá a aprobación polo Consello da Xunta.

2. Autorízase ós órganos de contratación, con carácter xeral, a tramitación urxente, prevista no artigo 26 da Lei de Contratos do Estado, para a contratación de obras de ata 500 millóns de pesetas, se ben o prazo de presentación de proposicións non será inferior a 15 días.

3. Ós efectos do que se establece no número anterior, son órganos de contratación da Xunta os Conselleiros da mesma.

Disposición adicional primeira

As dotacións presupostarias da sección 01, Parlamento, libraranse en firme e periodicamente a nome do mesmo, a medida que este o requira e non estarán suxeitas a xustificación ningunha perante o Goberno Autónomo.

Disposición adicional segunda

1. Sen prexuício do disposto no artigo 9 da presente Lei, o Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, poderá fixa-la retribución dos altos cargos da Comunidade Autónoma para 1985 para asimilala ás que resulten da aplicación da Lei de Presupostos Xerais do Estado para os altos cargos da Administración Central de acordo coas seguintes equiparacións máximas: Presidente da Xunta a Vicepresidente do Goberno Central; Vicepresidente da Xunta a Ministro do Goberno Central; Conselleiro da Xunta a Secretario de Estado; e Director Xeral de Administración Autonómica a Director Xeral do Ramo da Administración Central.

2. Do uso da presente autorización darase conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento.

Disposición adicional terceira

As axudas e subvencións concedidas con cargo ós Presupostos da Comunidade Autónoma, que non teñan nos mesmos asignación nominativa, serano conforme a criterios de publicidade, concorrencia e obxectividade na concesión.

A tal fin, as Consellerías correspondentes establecerán, de non existiren, e antes da disposición dos créditos, as oportunas normas reguladoras da concesión.

Disposición transitoria

1. En tanto non se constituían as sociedades xestoras dos servizos públicos de radiodifusión e televisión, a que fai referencia a Lei 9/1984, do 11 de xullo, a xestión dos créditos para o funcionamento de tales servizos corresponderalle á Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

2. Deica ó momento en que se constituía esta última Compañía, os créditos que xestione por encomendación desta Lei serán dispostos pola Consellería da Presidencia.

Disposición final primeira

Autorízase á Consellería de Economía e Facenda para realizar, nos créditos de gastos de persoal, as modificacións presupostarias necesarias para axustar tales créditos ós efectivos existentes ó 1 de xaneiro de 1985, nos diferentes programas, servizos e, de ser preciso, organismos.

Disposición final segunda

Autorízase á Consellería de Economía e Facenda para que efectúe no Presuposto de Gastos da Comunidade as adaptacións técnicas que sexan necesarias como consecuencia de reorganizacións administrativas, co fin de crea-los programas, seccións, servizos e conceptos presupostarios

que cumpran, e autoriza-las transferencias de crédito correspondentes. Estas operacións, en ningún caso, darán lugar a un incremento do gasto público.

De todas elas informarase á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos.

Disposición final terceira

A Consellería de Economía e Facenda enviará bimensualmente un informe á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento sobre do conxunto das modificacións, que por calquera das autorizacións establecidas na presente Lei se puidesen realizar.

Disposición final cuarta

A presente Lei será aplicable ós Organismos Autónomos que se poidan crear e ó seu correspondente Presuposto, que esixirá para a súa efectividade a debida aprobación parlamentaria.

Disposición final quinta

A presente Lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

(1)

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 1985

Gerardo Fernández Albor
Presidente

(1) O anexo incorporado a esta lei non se reproduce nesta edición.